

SETE ASPECTOS BÁSICOS PARA INTERPRETAR O RESULTADO ELECTORAL

1-Unha Equivocada lectura da realidade política e social da Galiza. Infravaloración do potencial real do PP como corrente ideolóxica, potencial político e capacidade de dirixir e acompañar os ámbitos económicos financeiros e mediáticos do país.

2-Incapacidade para implantar en tres anos unha auténtica “cultura de coalición” que contrarrestara a cultura uniformista e autoritaria do PP. A tendencia do PSOE a hexemonizar a acción de goberno e fagocitar ao BNG foi compensada por nós cunha acción tendente a crear espazo propio coroada con éxito pero deixando uns e outros totalmente baleiro o espazo de consolidación do bipartito como tal.

3-Lectura equivocada sobre a conexión dos instrumentos de poder real co PP. Especialmente nos ámbitos económicos financeiros e mediático.

Crenza absurda na súa desideoloxización “non son do PP son do poder”. Convencemento do PSOE da posibilidade de alternancia sen cambio. Incapacidade do BNG para “impor” unha nova dinámica que abraza espazos alternativos para o nacionalismo e para o bipartito.

4-Incapacidade do BNG para facer unha lectura acaída sobre a importancia da nosa acción de goberno. E do carácter estratéxico que pra o noso proxecto tiña unha prolongada estancia no goberno. Incapacidade para valorar na súa xusta medida os cambios transformadores realizados en todos os departamentos sen excepción e as dificultades reais para executar o noso proxecto con 13 deputados, a metade de conselleiros co PSOE, sen poder transversal na Xunta, con escasas competencias e peor financiación e sen altavoces sociais para pregoar as nosas medidas.

5-Incapacidade, unha vez máis, para ler acidamente a evolución españolizadora dunha sociedade cunhas clases medias cada vez máis distanciadas do proceso galeguizador do nacionalismo. Claro avance do proxecto ideolóxico do PP en amplas capas populares e incapacidade do nacionalismo para ler a nova situación nomeadamente no tema lingüístico.

6-Unha situación de crise que leva ao escepticismo ao respecto da políticas a milleiros de persoas que non ven nas alternativas programáticas solucións aos seus problemas e si en cambio son proclives a identificar o seu estado de ánimo con proclamas demagóxicas en favor da austeridade do gasto público e na denuncia de supostos despilfarros e custos da “clase política”.

7-Debilidade manifesta para facer fronte a unha campaña baseada na mentira e difamación contra o BNG e o seu candidato. So ao final, e cando a avalancha era ensañadora, o corpo militante do BNG reaccionou exemplarmente pechando filas, pero o dano no noso entorno social xa estaba feito.

O CAMIÑO A SEGUIR

1-Impedir que o PP consume a súa 2ª vitoria. Derrotado o goberno agora o PP e os seus aliados mediáticos pretenden derrotar a alternativa para moitos anos. Intentan destruír a imaxe de goberno bipartito asociándoa ao caos, falta de liderazgo, incapacidade, despilfarro e ineficacia. Todo eso cun PSOE empeñado en abonar as teses do PP a ese respecto. O PP gañou as eleccións pero iso non lle da a razón absoluta. Defender a acción de goberno é sobre todo defender a opción do bipartito como alternativa e fundamental para favorecer a alternativa e o cambio no futuro.

2-Si o BNG tivo un erro na apreciación da realidade social do país máis equivocado sería facer caso a sectores ultraminoritarios que non so teñen esa mesma lectura equivocada si non que ofrecen como receita máxica converter ao BNG na representación política da marxinalidade facendo oídos

xordos a unha sociedade cunhas clases populares nas antípodas deses posicionamentos políticos e dibuxando un país non só imposible se non tamén non desexable.

3-Redefinir a nosa relación coa sociedade e revisar estratexias sobre aspectos, especialmente sensibles do noso proxecto. Nos últimos tres anos fixemos un esforzo moi importante por ampliar a nosa base social. Agora na oposición deberíamos seguir ese camiño e non tirar pola borda todo o traballo feito. É necesario ao mesmo tempo encauzar con cautela un novo posicionamento público do BNG ante o proxecto de normalización lingüística sen abdicar un ápice dos nosos principios e obxectivos pero aceptando con normalidade política o feito real dunha sociedade bilingüe e dun corpo electora do BNG tamén bilingüe.

4-Redefinir, na medida do posible e no que o BNG poda facer, unha nova relación co partido socialista baseada na aceptación e no respecto mutuo. Único método para afianzar os gobernos municipais no inmediato futuro e para facer creíble ante a sociedade unha posible alternativa no medio prazo.

5-Esforzarse para por ao BNG a traballar canto antes. É necesario que se visualice un BNG actuante na sociedade. Unha forza comprometida ca xente neste momento de crise. O debate interno é necesario e urxente pero non pode monopolizar a nosa vida política.

6-Abrir un proceso de reflexión ordenado destas ideas adiantando por parte de todos un compromiso de xenerosidade. Empeza unha nova etapa que debe ser protagonizada por novos actores ca definición consensuada dunha nova dirección e no seu momento dunha nova candidatura a Xunta de Galicia.

Compostela, 10 de marzo de 2009

Anxo Quintana, portavoz nacional do B.N.G